

Xosé Ramón Pena. *Historia da Literatura Galega III. De 1916 a 1936*. 2016. Vigo: Edicións Xerais de Galicia. 520 pp.

É complexo iniciar a valoración do terceiro tomo dunha Historia da Literatura sen referirse, sequera brevemente, aos volumes precedentes e ao proxecto inacabado do que forman parte. Isto é aínda máis acusado cando, como no caso que nos ocupa, a obra publicada responde á autoría dunha única persoa. Sen dúbida resulta xa un tópico deterse neste punto ao respecto do traballo historiográfico de Xosé Ramón Pena. A posibilidade de que unha soa persoa poida dar cabo de forma competente a tres volumes que abarcan da época medieval ao primeiro terzo do século XX dunha literatura europea só pode darse en condicións moi concretas. Neste sentido, é imposible non mencionar o feito de atoparnos ante unha literatura considerada minorizada, con abondosas pausas e momentos de vixencia cultural complexos, en ocasións resumíbeis nunhas cantas figuras. En calquera caso, mesmo tendo en conta estes condicionantes, a reedición de obras antigas e a afluencia de bibliografía e traballo crítico sobre certos períodos fan que o traballo editado até hoxe mereza o cualificativo de monumental, concedendo ademais a rara virtude de manter un criterio unificado sobre períodos moi diversos.

Por outra parte, é precisamente esta mencionada condición de subalternidade dunha das sombras que perseguen os traballos historiográficos relacionados coa cultura galega. Se toda historiografía 'nacional' forma parte dun proceso de auto-lexitimación, a función destas en relación coas culturas minorizadas é frecuentemente máis acusada e establecen unha relación, non sempre consciente, pero habitualmente determinante. Desta forma, as historias literarias galegas formaron (e forman) parte dun proceso de construción nacional no que a súa calidade narrativa permanece oculta e as escollas que realizan son presentadas, frecuentemente, como elementos predeterminados non optativos.

É evidente, deste xeito, que a *Historia da Literatura Galega* de Pena está feita a través de opcións de construción, opcións que adhíren maiormente un determinado programa cultural común á maior parte destes traballos e do que o elemento máis frecuente e incontestado é o criterio filolóxico entendido dende a distancia cunha concepción lingüística galego-portuguesa que soborde o período medieval.

Porén, se algo pode loarse tamén desta achega, é a explicitación de moitas das tomas de posición do autor con respecto das posibilidades abertas. A obra de Pena demostra ser, polo de agora, un diálogo constante cunha bibliografía que aparece moitas veces para sinalar camiños diverxentes ou interpretacións comúns que merecen ser rebatidas. Desta forma, explótase a capacidade heurística desta por riba do seu simple emprego como apoio para as aseveracións realizadas no texto. Esta capacidade de diálogo é probabelmente o que converte o proxecto da *Historia da Literatura* en algo máis que un simple compendio histórico dun programa, polo demais, ben asentado na nosa tradición historiográfica.

22

Da mesma forma, isto non sería posíbel sen unha escolla bibliográfica axeitada e actual, e tampouco sen unha perspectiva equiparábel. O proxecto parte dunha achega ao feito literario de ton histórico-sociolóxico, sen renunciar por iso á análise pormenorizada de certos textos relevantes. Perspectivas como as de Pierre Bourdieu aparecen así complementadas con puntos de vista que poñen no centro da cuestión esa construción dun imaxinario galego, como as de Helena Miguélez-Carballeira, e estas conviven con estudos literarios e biográficos concretos de distintas personalidades ou períodos. Deste xeito, unha boa parte da enunciación pasa, case obrigatoriedade, por aspectos políticos e biográficos e o seu correlato no exercicio da literatura. Do mesmo xeito, aínda sen refutar directamente o canon básico da literatura galega, existe un esforzo notábel por cuestionalo e completalo con elementos e figuras habitualmente marxinalizadas, así como por incluír unha perspectiva que apele á historia literaria como construción dun imaxinario con evidentes implicacións políticas.

Un bo exemplo da diverxencia co relato historiográfico principal podería ser o volume concreto que nos ocupa. O período 1916-1936 non pasaría de compoñer unha parte relevante pero fragmentaria da maior parte das historias literarias. O feito de dedicar a eses vinte anos un volume en exclusiva supón xa unha aposta moi determinada por valorizar o período, por máis que as súas principais balizas –o ano das Irmandades da Fala e o comezo do Gue-

rra Civil– continúen respondendo ao esquema clásico de división periódica empregado pola maior parte das historiografías.

Desta forma, e como apuntabamos antes, este volume da *Historia* mantense a medio camiño entre o recoñecemento constante ás grandes figuras totémicas destes anos, que ocupan un espazo xeneroso e son analizadas demoradamente, e a valoración dun determinado espazo cultural que funciona como un ambiente, non só complementario, senón moitas veces determinante nas escollas e valores asociados xeralmente a estas. Podemos falar así da importancia concedida aos debates sobre o futuro da poesía galega e a súa adecuación a un programa nacional acontecidos durante a década dos vinte. Unha controversia entre ‘novos’ e ‘vellos’ que foi analizada xa en termos bourdieanos de autonomía literaria por parte de Antón Figueroa. Sen dúbida, a minuciosa descrición destes avatares deixa ao descuberto esa construción que é, no fondo, toda historia literaria, así como o papel de ferramenta que a literatura galega tiña dentro de determinados programas políticos. Tamén permite ver nese momento histórico outro papel para as vangardas galegas, complementado pola matización que Pena fai sobre o neotrobadorismo e o hилоzoísmo, opcións adaptativas dunhas innovacións que non podían afastarse excesivamente dun relato nacional determinado. Mesmo así, é unha mágoa que parte dese capítulo se considere fechado coa ‘deserción’ dos ‘novos’ do idioma galego, toda vez que os elimina do relato e impide cuestionalo tensionando o criterio filolóxico. Algo que, se cadra, se fai máis evidente ao contrastar estes episodios coa longa inclusión do Federico García Lorca como poeta en lingua galega. Unha participación a do granadino que, alén das impugnacións das que Pena non deixa de facerse eco, ten recibido tamén queixas respecto da sobredimensión e o subsecuente xogo simbólico que representa na maior parte dos relatos historiográficos.

Nun xénero distinto, aínda que con outras consecuencias, cabe valorar tamén a inclusión das narrativas populares e con vocación comercial de comezos de século, habitualmente excluídas ou marxinalizadas noutras historias literarias, pero que supoñen un factor ben relevante á hora de analizar o momento cultural e editorial na Galiza. Ao mesmo tempo, a súa contraposición coas narrativas da chamada ‘prosa nacional’ permite percibir tensións no imaxinario do galeguismo e nas súas estratexias públicas. Cuestións que comparten elementos co acontecido na poesía, aínda que respondan a unha dinámica completamente distinta.

É de notar, ao mesmo tempo, que nesta atención ás dinámicas de campo poden botarse en falta ámbitos nos que a análise sería de gran relevancia. Se cadra o máis destacado sexa o da cuestión da autoría feminina no período, onde unha perspectiva colectiva podería corrixir a aparente ausencia de figuras relevantes. Tamén a representación da muller durante estes anos e o seu papel no imaxinario e nas políticas galeguistas serían elementos dignos de aparecer nun estudo que, en xeral, se mantén alleo á cuestión.

Porén, como dicimos, é unha virtude o esforzo por esta representación colectiva que foxe do grande esquema canónico (e canonizador) da historiografía clásica, por máis que este non acabe de ser abandonado completamente. Así, a pesar desta visión de conxunto, o propio índice guíanos por capítulos e apartados monográficos dedicados a varios dos representantes clásicos do período. É certo que o seu tratamento é difícil de esquivar e que a análise de Pena raramente se conforma cunha aceptación sen cuestionar ou valorar elementos previos doutras fontes. Aínda así, hai ocasións, como nos casos de Ramón Cabanillas, Castelao ou a digresión persoal que acompaña o apartado sobre Manuel Antonio, nos que o autor parece caer nunha certa lexitimación das figuras literarias dentro do seu contexto. Se dalgunha forma valorabamos a autoría única como unha vantaxe á hora de encarar unha análise historiográfica tan ampla, podemos comprender que existan certas contrapartes coma esta, desculpábeis ao poñelas en relación co rigor habitual e o enfoque orixinal que ofrecen outros apartados do volume.

24

Nesta dirección, cabe destacar a análise realizada sobre a Xeración Nós, deconstruída até quedar, se non inutilizada como concepto, si amplamente matizada. Unha perspectiva que non pode separarse da dura reinterpretación que o autor ofrece de figuras referenciais como as de Vicente Risco ou Ramón Otero Pedrayo, ás que acompaña unha extensa contextualización das súas coordenadas políticas e filosóficas (especialmente no caso do primeiro), pero tamén unha desmitificadora crítica da súa praxe literaria (en particular no caso do segundo). Se cadra sexa neste apartado onde aparece unha boa parte do mellor que o terceiro volume da *Historia* pode ofrecer. A descrición do pensamento de Vicente Risco pode chegar a opacar por momentos a súa interpretación literaria, pero representa un bo resumo dunha figura peculiar que se resiste a ser resumida unicamente polas súas achegas á narrativa galega.

Dado que o volume dedica distintas partes á narrativa, poesía e teatro, cabe preguntarse tamén polo peculiar tratamento dado ao ensaio, eliminado do esquema dos xéneros, pero sobradamente presente (e sobordando necesariamente o criterio filolóxico) en casos como o de Risco. Unha presenza que noutros autores (o propio Otero Pedrayo ou Florentino Cuevillas) podería ter gozado tamén dun tratamento específico que achegase unha perspectiva máis ampla dun período histórico no que o xénero adquire unha importancia central no panorama literario galego.

En resumo, se aceptamos a vontade de actualización non necesariamente iconoclasta da historiografía literaria galega, este volume, como os anteriores, ofrece unha visión compensada entre o esquema clásico, xeralmente conformado por figuras individuais, e a necesaria representación dun campo protagonizado por dinámicas e relacións. Conceptos grupais, moitas veces reinterpretados e afinados, que non se conforman cunha interpretación clásica.

Non cabe dúbida de que momentos como a fundación das Irmandades da Fala e a efervescencia política que precede e acompaña o transcorrer da II República española teñen amplas consecuencias no devir literario que exceden a biografía das súas grandes figuras. Nese sentido, é preciso resaltar tamén o traballo de contextualización histórica e sociolóxica que acompaña o volume. Por máis que poida ser coñecida nos seus elementos básicos para a maior parte do lectorado, o certo é que supón un complemento imprescindible para unha interpretación completa do que acontece no campo literario galego e tamén para entender os procesos de produción de imaxinario que conviven con este. Este contexto abre o libro, aínda que aparecerá tamén filtrando as biografías e o relato de certos eventos. En liñas xerais é un acerto, aínda que, nos casos máis complexos (como pode ser especialmente o de Vicente Risco), pode caer en repeticións que entorpecen un tanto a lectura.

Un volume máis dunha obra colosal que, alén das discrepancias que necesariamente poida suscitar, caracterízase por crear un diálogo ben argumentado con outras fontes e por ensaiar unha visión diferente e actualizada dos cánones e relatos historiográficos cos que nos seguimos a relacionar na Galiza.

Mario Regueira
Universidade de Santiago de Compostela